

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 2 DE MAIO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Proxecto de Lei de garantías de prestacións sanitarias.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que aproba definitivamente o Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal, para os efectos previstos pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de San Cibrao das Viñas e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para o financiamento e execución das obras Proxecto de mellora do saneamento e EDAR de San Cibrao das Viñas (Ourense), así como a formalización da encomenda de xestión para o mantemento e conservación das ditas obras, por un importe total de tres millóns cincocentos mil euros (3.500.000 euros).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado gasoduto de transporte básico Mariña Lucense (Ribadeo-Viveiro), concellos de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove e Viveiro, na provincia de Lugo, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro Rafael Puga durante o curso escolar 2013-2014, por un importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo durante o curso escolar 2013-2014, por un importe de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 euros).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. Importe total: dez millóns douscentos mil euros (10.200.000 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre as axudas para o impulso comercial e industrial dos concellos, parques empresariais, zonas comerciais e mercados de abastos excelentes por importe de oito millóns oitocentos oitenta e dous mil catrocentos sesenta e catro euros con sesenta e seis céntimos (8.882.464,66 euros).
- Informe sobre a ampliación de crédito das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións e de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior (ILE) existentes nos concellos de Galicia.

## **O PROXECTO DE LEI DE GARANTÍAS DE PRESTACIÓNS SANITARIAS ASEGURARÁLLE Á CIDADANÍA GALEGA DEREITOS DE ATENCIÓN EN PRAZO E DE LIBERDADE NA ELECCIÓN DE MÉDICO**

- *No relativo á garantía dos tempos máximos de acceso, establécense os prazos que se garanten para os procedementos e situacións clínicas que se determinen e que non superarán os 60 días en intervencións cirúrxicas e 45 días en consultas externas e probas diagnósticas e terapéuticas*
- *Con esta lei, as galegas e galegos terán establecidas unha serie de garantías que van mellorar, substancialmente, a atención sanitaria que demanden*
- *Os centros sanitarios deberán dispoñer de información clara, veraz, accesible e transparente para as diferentes garantías*

O Executivo galego reunido no día de hoxe acaba de aprobar o proxecto de Lei de garantías de prestacións sanitarias. O texto desta normativa reforza a xestión por prioridades da lista de espera e outorga as garantías necesarias aos usuarios do sistema público de saúde de Galicia para o exercicio dos dereitos de atención sanitaria nos prazos establecidos, así como para a libre elección de médico de familia, de pediatra, de persoal de enfermaría e de centro hospitalario. Tamén outorga as garantías para a solicitude dunha segunda opinión médica, para a formulación das instrucións previas e, ademais, para a información dos dereitos, deberes, servizos e programas do sistema público de saúde de Galicia.

Cómpre destacar que, no relativo á garantía dos tempos máximos de acceso, se establecen os prazos que se garanten para os procedementos e situacións clínicas que se determinen e que non superarán os 60 días en intervencións cirúrxicas e 45 días en consultas externas e probas diagnósticas e terapéuticas.

Tal e como se recolle na exposición de motivos deste proxecto, a xestión das esperas debe estar baseada non só en criterios de antigüidade, senón, e sobre todo, en diversos criterios que se concretan, principalmente, na gravidade dos procesos de enfermidade, na efectividade da atención sanitaria, así como no resultado previsible en cada intervención planificada.

Segundo o proxecto, transcorrido o prazo máximo sinalado sen que o paciente tivese a atención sanitaria demandada, este poderá optar por continuar na espera no centro elixido ou ben por requirir a asistencia nun centro acreditado na comunidade autónoma. Neste caso, o Servizo Galego de Saúde pagará directamente o custo da atención, conforme as tarifas concertadas. Así mesmo, o paciente poderá acudir a un centro privado para que se lle facilite a atención sanitaria. Neste outro caso, o Sergas reembolsará os custos que se xustifiquen de acordo coas tarifas que para cada proceso se sinalen.

Ademais, garánteselles aos pacientes a libre elección de médico de familia, de pediatra e persoal de enfermaría, así como de centro hospitalario. Para tal efecto, o paciente poderá realizar a elección de centro hospitalario no momento en que o médico de familia o derive por motivo de enfermidade e poderá facer a elección para cada proceso novo de enfermidade.

Respecto da segunda opinión médica, o paciente poderá solicitala para un número de procesos maior que na actualidade. Ademais, establécese un procedemento de menor duración en días para a emisión do correspondente informe e para a autorización por parte dos órganos administrativos.

No que atinxe ao documento de instrucións previas, no cal o paciente deixa constancia da súa vontade para o momento en que pola enfermidade non poida expresala, poderá formalizarse ante as persoas encargadas do Rexistro Galego de Instrucións Previas, xa que ata o de agora só podían formalizarse ante notario ou diante de tres testemuñas sen relación familiar ou patrimonial.

Xunto con todo o anteriormente sinalado, no anteproxecto establécese, respecto dos dereitos e deberes, que os centros sanitarios deberán dispoñer de información clara, veraz, accesible e transparente para as diferentes garantías. Ademais, recóllese a creación dun sistema de información que é fundamental para coñecer os progresos e avances nos obxectivos do sistema de garantías e, igualmente, un sistema específico de información personalizada para os pacientes.

En consecuencia, con esta lei, as galegas e galegos terán establecidas unha serie de garantías que van mellorar, substancialmente, a atención sanitaria que demanden.

## **A XUNTA APROBA O PLAN SECTORIAL DE RETEGAL QUE PERMITIRÁ CONSOLIDAR UNHA COMUNIDADE TOTALMENTE CONECTADA RESPECTANDO O AMBIENTE E O EQUILIBRIO TERRITORIAL**

- *Retegal conta con máis de 200 centros de telecomunicacións e porá en marcha outros 57 no ano 2013 para facilitar a extensión da banda larga en toda Galicia*
- *A empresa pública, dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica, está a desenvolver un papel clave no Plan de banda larga, que xa lles facilitou o acceso á rede a preto de 660.000 galegos sen cobertura hai tres anos*
- *A ampliación de infraestruturas permítelles á Xunta xestionar unha potente rede de telecomunicacións para achegar a rede ás zonas máis illadas tecnoloxicamente*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan sectorial da empresa pública Redes de Telecomunicación Galegas (Retegal) para a implantación e o desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación que xestiona e que son propiedade da Xunta de Galicia. Deste xeito, o plan convértese nunha estratexia autonómica que servirá de marco para o desenvolvemento das iniciativas públicas do ámbito das telecomunicacións seguindo uns criterios de equidade territorial.

Retegal, dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, conta na actualidade con máis de 200 centros de telecomunicacións que están a ser clave no desenvolvemento do Plan de banda larga da Xunta para dotar da posibilidade de acceso á internet a todos os galegos.

No marco deste plan, Retegal ten previsto poñer en marcha este ano 57 novos centros que permitirán dar servizo de banda larga a aquelas áreas do territorio galego que na actualidade non dispoñen del. Dous anos despois da súa posta en marcha, o plan posibilitoulles o acceso á Rede a preto de 660.0000 galegos dos 786.000 que non dispoñían deste servizo.

A ampliación de infraestruturas de Retegal permitirá acelerar a extensión da banda larga mediante a reutilización destas localizacións polos distintos operadores privados, aos que non lles resulta rendible realizar investimentos en determinadas zonas da xeografía galega polo súa orografía e dispersión poboacional.

### **Obxectivos e liñas de actuación**

Co obxectivo de que o desenvolvemento destes centros se realice de acordo coa lexislación vixente na materia, en especial coa ordenación territorial e ambiental, Retegal elaborou un plan sectorial que ten como obxectivos ordenar adecuadamente as infraestruturas existentes, formular a evolución previsible a medio e longo prazo e estimar as súas necesidades.

Así mesmo, analiza as posibilidades de implantación de novas infraestruturas e instalacións para determinar os principais criterios de instalación.

Para alcanzar estes obxectivos o Plan ocúpase de:

- a) Analizar todas as infraestruturas existentes xestionadas por Retegal e a situación urbanística en que se encontran cada unha delas e o papel que cumpren tanto desde un punto de vista loxístico como operativo e tecnolóxico dentro da rede pública.
- b) Establecer as medidas que se consideren necesarias para a súa posible evolución e conservación.
- c) Cuantificar as necesidades de infraestruturas terrestres que, a curto e medio prazo, se detectan nas catro provincias que integran o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Localizar as áreas territoriais máis deficitarias destas infraestruturas.
- e) Diseñar criterios obxectivos de localización para os distintos ámbitos de solo que deberán ser reservados para a creación destas infraestruturas.

### **Potente rede de telecomunicacións**

O reforzo das infraestruturas de Retegal comezou en 2010 coa construción de novos centros de telecomunicación e a ampliación da rede de fibra óptica existente. Na actualidade cóntase cunha rede de 1.854 kms de fibra óptica sobre á cal se implementan tecnoloxías de última xeración que permiten a transmisión de datos a unha velocidade de 10 xigas.

Esta actuación está a dotar a Comunidade dunha potente rede de telecomunicacións coa tecnoloxía máis avanzada en canto á capacidade de crecemento, calidade, posibilidades de evolución e maior velocidade de transporte. Deste xeito, a Xunta de Galicia, a través de Retegal xestiona unha infraestrutura que lle permitirá unha gran capilaridade para achegar a rede ás zonas máis illadas tecnoloxicamente que ata o de agora non podían acceder aos servizos dixitais máis avanzados.

### **Modelo de negocio**

Nos últimos anos, Retegal está a desenvolver unha evolución do seu modelo de negocio, pondo á disposición dos distintos operadores de telecomunicacións as súas infraestruturas. Isto permite que o despregamento de telecomunicacións en Galicia se desenvolva dun xeito moito máis rápido, en especial en contornas rurais, onde os custos de despregamento son moito máis elevados.

Esta evolución do modelo de negocio posibilitou que esta empresa pública obteña máis ingresos por servizos prestados a empresas do sector privado (preto do 59%) que do sector público permitindo presentar resultados positivos nas súas contas anuais que se reinvesten en infraestruturas públicas.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL PARA AS OBRAS QUE SOLUCIONAN AS VERTEDEURAS AO RÍO BARBAÑA EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS**

- *Traballarase sobre a rede de saneamento e mellorarase o funcionamento da estación depuradora de augas residuais*
- *O Executivo autonómico, a través de Augas de Galicia, participa no financiamento da actuación por importe de 910.298,67 € no período 2013-2015*
- *Os fondos europeos serán cofinanciados pola Xunta de Galicia, a través do canon da auga, o que fai posible a viabilidade económica da actuación e que se resolva o problema ambiental*
- *Este acordo mellorará as actuais infraestruturas de saneamento e depuración que dan servizo ao parque empresarial e aos núcleos de poboación situados nas súas inmediacións, co fin de garantir a recuperación e o bo estado ecolóxico do río*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, o concello ourensán de San Cibrao das Viñas e a Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS), co fin de levar a cabo o financiamento e a execución das obras de saneamento e mellora da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de San Cibrao das Viñas, así como a colaboración entre o dito municipio e a CHMS para a entrega das obras e a formalización da encomenda de xestión para o seu mantemento e conservación. As obras estarán rematadas no ano 2015.

Pola súa banda, o Executivo autonómico, a través de Augas de Galicia, participa no financiamento da actuación por importe de 910.298,67 euros no período 2013-2015.

### **Situación actual**

Actualmente, na rede de saneamento de San Cibrao prodúcese verteduras que deterioran o estado ecolóxico do río Barbaña. Este feito orixina unha importante mobilización social que reclama a recuperación do río conforme o Plan hidrolóxico da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Por outra banda, na EDAR detéctanse importantes problemas de filtracións e excesiva afluencia de pluviais, así como puntas de contaminación industrial. Estas circunstancias supoñen un grave risco debido á inhibición dos procesos biolóxicos, ademais do incumprimento do efluente da estación depuradora.

Por isto, cómpre a posta en marcha deste acordo co fin de mellorar as actuais infraestruturas de saneamento e depuración que dan servizo ao parque empresarial de San Cibrao das Viñas e aos núcleos de poboación situados nas súas inmediacións, co obxecto de minimizar as verteduras ao río Barbaña e garantir a súa recuperación e o bo estado ecolóxico.



### Compromisos das partes

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil será a encargada de licitar, adjudicar e xestionar os contratos de obra, servizos e calquera outro necesario para a execución do convenio, ata a terminación definitiva das obras. Así mesmo, achegará un financiamento de fondos europeos para as obras obxecto do convenio, por importe de 2,8 millóns de euros no período 2013-2015. Estes fondos europeos serán cofinanciados pola Xunta de Galicia, a través do canon da auga, o que fai posible a viabilidade económica da actuación e que se solucione o problema ambiental.

Por último, encoméndase a xestión para o mantemento e a conservación das obras ao Concello de San Cibrao das Viñas.

ACHEGA	
CONFEDERACIÓN MIÑO-SIL	2.800.000,00 €
EPE AUGAS DE GALICIA	910.298,67 €
<b>SUMA</b>	<b>3.710.298,67 €.</b>

Esta actuación inclúese dentro do Programa operativo de Galicia 2007-2013, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), na reprogramación que se levou a cabo en xuño de 2012.

## **A XUNTA AVANZA NO GASODUTO DA MARIÑA QUE DARÁ COBERTURA A 55.000 GALEGOS, MELLORANDO O TECIDO EMPRESARIAL DA COMARCA**

- *Cun orzamento superior aos 26 millóns, a infraestrutura será desenvolvida por Gas Natural Transporte, SDG, e discorrendo a través de case 65 quilómetros polos municipios de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove e Viveiro*
- *Dará cobertura ás empresas da Mariña, destacando a planta de Alcoa en San Cibrao, que grazas ao gasoduto completará o proceso de transformación das súas instalacións de fueloil a gas*
- *A compañía ten previsto investir 30 millóns de euros para esta transformación, obtendo unha importante mellora na súa competitividade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do gasoduto da Mariña lucense. Esta infraestrutura discorrerá polos municipios de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove e Viveiro e permitirá o acceso ao gas a máis de 55.000 habitantes e ao tecido empresarial da comarca.

O proxecto, que conta cun orzamento superior aos 26 millóns de euros, será desenvolvido pola empresa Gas Natural Transporte, SDG, conectando, a través de case 65 quilómetros, o gasoduto Llanera-Vilalba, xa existente, cun novo punto de subministración que se situará no termo municipal de Viveiro. Ademais, nos sete municipios que atravesará a infraestrutura está prevista a instalación de estacións de regulación e medida para a correcta subministración do gas entre a poboación.

Así mesmo, o gasoduto permitirá subministrar gas natural ás empresas da Mariña, destacando de modo especial a planta de Alcoa en San Cibrao, que, grazas a esta infraestrutura, poderá completar o proceso de transformación das súas instalacións de fuel oil a gas.

Deste xeito, a compañía, que ten previsto investir 30 millóns de euros para dita modificación, obterá unha importante mellora na súa competitividade ao acadar importantes aforros económicos. Así mesmo, a substitución permitirá diminuír nun 26% as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera, evitando a emisión de 250.000 toneladas ao ano.

O desenvolvemento desta infraestrutura supón un paso fundamental na política enerxética da Xunta, na cal a gasificación da Comunidade se considera prioritaria para avanzar na mellora da calidade de vida da cidadanía e no incremento da competitividade do tecido empresarial.

### **Incremento da penetración do gas natural**

Neste sentido, e no marco da planificación enerxética, o Goberno galego traballa na creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que ten facilitado, nos últimos catro anos, unha mobilización de 90 millóns de euros para potenciar

investimentos que incrementen a penetración de gas natural. Grazas a isto, Galicia conta nestes momentos cunha rede de distribución que supera os 2.500 quilómetros.

Deste xeito, 63 municipios, máis do 64% da poboación galega, teñen xa acceso ao gas natural, o que supón máis de 230.000 vivendas con subministración, preto de 24.000 vivendas máis que en 2009. Neste eido, o obxectivo do Goberno galego para os vindeiros anos é incrementar esta cifra dándolle acceso ao gas natural ao 75% da poboación de Galicia.

## **CULTURA E EDUCACIÓN RENOVARÁ A SÚA COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE FP RAMÓN CALVO SOTELO E DO IES RAFAEL PUGA RAMÓN**

- *A Consellería dá así continuidade ao servizo educativo que se vén prestando nestes centros*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña renovarán un ano máis a súa colaboración para o funcionamento de centros educativos, despois de que hoxe o Consello da Xunta autorizase a sinatura de dous convenios, un para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo e outro para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón.

En total serán algo máis de 597.000 euros destinados ao funcionamento de ambos os dous centros, durante o curso escolar 2013-2014. Trátase fundamentalmente de parte dos gastos de persoal (persoal docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

Deste xeito a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dá continuidade ao seu compromiso de manter o servizo público educativo de todos os alumnos e alumnas que están escolarizados nestes centros, tal e como vén facendo desde hai anos.

## **TRABALLO DESTINARÁ 10,2 MILLÓNS DE EUROS NOS OBRADOIROS DE EMPREGO QUE BENEFICIARÁN A MÁIS DE 1.000 DESEMPREGADOS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe esta orde de axudas, que se inclúe dentro das diversas medidas do Goberno galego destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas*
- *Como novidade, cómpre salientar a inclusión entre os posibles beneficiarios das persoas desempregadas de entre 18 e 25 anos*
- *Durante a súa participación, os alumnos realizarán obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, ao mesmo tempo que se cualifican profesionalmente*
- *Os concellos deberán asumir o compromiso de procurar a entrada no mercado laboral posterior das persoas participantes, de feito, a media de inserción destes programas encóntrase preto do 70%*
- *Esta é unha das ordes incluídas nos 138 millóns de euros que a Xunta destinará este ano á mellora da empregabilidade*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará un total de 10,2 millóns de euros, entre 2013 e 2014, na posta en marcha de obradoiros de emprego nos concellos galegos. A previsión é beneficiar a máis de 1.000 desempregados e desempregadas con máis de 43 proxectos e cunha duración de seis meses.

O Consello da Xunta autorizou hoxe esta orde de axudas, que se inclúe dentro das diversas medidas do Goberno galego destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, e que ascenden en total a 138 millóns de euros en 2013 que chegarán a 37.500 galegos e galegas.

En concreto, estes programas combinan a formación cun traballo efectivo, xa que os beneficiarios disporán dun contrato de traballo e un salario durante a súa participación nesta actividade.

Poderán optar a estas axudas, como entidades promotoras dos obradoiros, tanto as entidades locais como os seus organismos que teñan competencias na promoción de emprego, así como os consorcios.

Pola súa banda, os beneficiarios serán desempregados, con preferencia para aqueles colectivos con especiais dificultades de inserción: mozos e mozas menores de trinta anos; mulleres en xeral e vítimas de violencia de xénero; persoal traballador que esgotou as prestacións e subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos; persoas que carecen de títulos universitarios ou de FP de grao superior; persoas con discapacidade; ou persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Como novidade, cómpre salientar a inclusión entre os posibles beneficiarios das persoas desempregadas de entre 18 e 25 anos.

Durante a súa participación, os alumnos realizarán obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, ao mesmo tempo que se cualifican profesionalmente. Deste xeito, os obradoiros contan cunha triple dimensión: melloran a empregabilidade dos participantes; permítese a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas; e promove a colaboración institucional entre a Administración autonómica e a local.

A distribución de créditos a nivel provincial terá en conta o número de persoas paradas e a evolución do paro rexistrado no período 2008-2012, así como a progresión da poboación neste período. Tamén se computará á hora da selección de proxectos o equilibrio e solidariedade cos territorios máis desfavorecidos, tendo en conta os criterios recollidos nos plans Impulsa de Lugo e Ourense.

Así mesmo, establécese como requisito para poder acceder ás axudas para aqueles concellos pequenos que non cheguen a unha media de paro rexistrado no ano 2012 superior a 500 persoas, que necesariamente deberán "asociarse ou coordinarse" con outros concellos limítrofes para poder acceder ás axudas para a posta en funcionamento dun obradoiro de emprego.

Os concellos recibirán un anticipo de crédito do 25% da subvención concedida e, como xa ocorreu na convocatoria anterior, deberán asumir o compromiso de procurar a inserción laboral posterior das persoas desempregadas participantes, de feito, a media de inserción laboral destes programas encóntrase preto do 70%.

## **A XUNTA DESTINA 9 MILLÓNS DE EUROS PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL E INDUSTRIAL DOS CONCELLOS GALEGOS**

- *A nova orde de axudas para a mellora de infraestruturas dos parques empresariais galegos duplica este ano o seu orzamento sumando 4,4 millóns*
- *Para impulsar o comercio de proximidade destínanse 4,5 millóns de euros, a contía maior destes últimos catro anos, co obxectivo de potenciar a súa competitividade*
- *Ambas as dúas achegas priman os proxectos desenvolvidos por agrupacións de concellos incrementando a porcentaxe da subvención un 15%*

A Xunta de Galicia destina 9 millóns de euros para apoiar aos concellos galegos no desenvolvemento de proxectos encamiñados á mellora das súas infraestruturas empresariais e comerciais. Así, a través de dúas novas ordes de axuda das que se informou hoxe ao Consello da Xunta, os municipios poderán emprender actuacións orientadas á dinamización e mellora competitiva de dous dos sectores máis importantes das economías locais.

Como principal novidade, os dous programas priman os proxectos desenvolvidos por agrupacións de concellos, incrementando a porcentaxe da subvención nun 15% con respecto ao que lle correspondería a cada municipio de xeito individual. Preténdese primar así unha xestión compartida que posibilita unha diminución de custos nas arcas municipais.

O programa de axudas para a habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresarias galegos duplica o orzamento do anterior exercicio ata acadar os 4,4 millóns de euros. A través desta liña, os concellos poden modernizar os seus parques empresariais, con apoios de ata o 80% do custo subvencionable cun máximo de 120.000 euros por solicitude. No caso das agrupacións, a axuda chegaría ata o 95%, cunha contía máxima de 180.000 euros.

Para facer máis accesible o desenvolvemento dos proxectos, a orde contempla o pago de anticipos de ata o 25% da axuda concedida. Deste xeito, facilítase a posta en marcha de actuacións orientadas a incrementar a calidade das infraestruturas que se lle ofrecen ás industrias para que se instalen nos concellos galegos xerando postos de traballo e mellorando a competitividade do tecido empresarial.

En concreto, con estas axudas apóianse iniciativas como a dotación de servizos centralizados de xeración e subministración de enerxía para o aforro e a eficiencia no gasto enerxético; novas plantas de depuración de augas; xestión de residuos; vías de acceso aos parques empresarias, ou instalacións de sistemas de seguridade e vixilancia.

### **Impulso do comercio de proximidade**

Co mesmo obxectivo de acompañar aos concellos na súa dinamización económica, a Consellería de Economía e Industria destina 4,5 millóns de euros, un 10% máis que na anterior convocatoria e a maior contía nos últimos catro anos, para o desenvolvemento de actuacións que fagan o comercio de proximidade máis atractivo e competitivo, a través da adecuación e modernización das rúas e zonas comerciais ou a potenciación das prazas de abastos.

Neste caso, cómpre salientar o apoio, por primeira vez, á posta en marcha de accións de dinamización e promoción de vendas por parte dos concellos, pola súa proximidade aos comerciantes e o seu coñecemento directo do sector a nivel local.

Deste xeito, a Xunta de Galicia continúa a súa aposta polo impulso ao comercio como elemento dinamizador das vilas e cidades galegas. Un dos eixos desta estratexia pasa pola potenciación das prazas de abastos, de titularidade municipal, como motores do comercio de proximidade. Neste sentido, as axudas de maior contía, de ata 120.000 euros, destinaranse ás actuacións nas estruturas físicas das prazas de abastos.

Os importes das achegas varían en función do número de habitantes dos municipios e da actuación a desenvolver. Así, os concellos de ata 75.000 habitantes optan a axudas de ata 90.000 euros para actuacións de creación ou mellora de rúas e zonas peonís comerciais. Os concellos de ata 40.000 habitantes poderán acceder a apoios de ata 120.000 euros para actuacións nas prazas de abastos, optando tamén a subvencións de 4.000 euros para a atracción de novos consumidores e a promoción das vendas. Así mesmo, disporán de axudas para amoblamento urbano e sinalización comercial con importes máximos de 40.000 euros. E, por último, os concellos de menos de 20.000 habitantes poderán solicitar axudas de ata 30.000 euros para a mellora dos espazos nos que se celebran mercados tradicionais e ambulantes de apertura periódica.

Ademais, todos os concellos optarán a axudas de ata 3.000 euros para a posta en marcha de puntos de información ao comerciante dentro da Rede de Dinamización do Comercio (REDIC) da Xunta.

Ambos os dous programas, dirixidos a parques empresariais e zonas comerciais, publicaranse nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia, e abrirase, a partir de entón, o prazo de solicitudes. Nos dous casos, as axudas outórganse en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose un proceso de valoración obxectivo.



## **MÁIS DE 210 CONCELLOS GALEGOS, O 70% EN AGRUPACIÓNS, SOLICITAN AXUDAS PARA AFORRAR E SER MÁIS EFICIENTES ENERXETICAMENTE**

- *Ante a boa acollida rexistrada, o Goberno galego aumenta nun 10% o orzamento ata chegar aos 4 millóns de euros, co obxectivo de contribuír ao aforro enerxético e económico das administracións locais*
- *Prevese obter un aforro económico para os concellos de 1 millón de euros anual, o 50% do custo da factura das instalacións substituídas, e un aforro enerxético equivalente ao consumo anual de 1.400 familias*
- *As actuacións permitirán mobilizar investimentos por valor de 6 millóns de euros*

Os concellos galegos únense para aforrar na súa factura eléctrica e ser máis eficientes. Así o amosan os máis de 210 concellos galegos, o 70% deles en agrupacións, que teñen solicitado o apoio da Xunta para a renovación das súas instalacións de iluminación pública exterior.

Ante esta elevada demanda, que representa o 66% dos concellos galegos, e co obxectivo de chegar ao maior número de solicitantes posible, a Consellería de Economía e Industria acaba de incrementar en 350.000 euros a partida destinada a esta liña, sumando case 4 millóns de euros para o desenvolvemento de actuacións que poden supoñer un aforro anual de 1 millón de euros para os concellos galegos, o que supón un descenso de ata un 50% no custo da factura das zonas beneficiadas.

Os concellos que presentaron as súas propostas en grupos de dous ou máis municipios serán os principais beneficiarios, ao establecer a orde unha valoración un 30% superior con respecto aos proxectos individuais. A contía da axuda para estas agrupacións ascende ata o 85% do custo, cun máximo de 51.000 euros. Deste xeito, ademais, mobilizaranse investimentos por valor de 6 millóns de euros.

O aforro enerxético que se espera acadar é de 5 millóns de kWh/ano, o equivalente ao consumo anual dunhas 1.400 familias, evitando ademais a emisión á atmosfera de 3.240 toneladas de CO<sub>2</sub>, o equivalente a plantar 162.000 árbores.

A través da convocatoria desta liña, a Consellería de Economía e Industria reforza as distintas actuacións que está impulsando no eido enerxético municipal, entre as que destaca a Unidade de Aforro Eléctrico Local, unha actuación que inclúe un completo paquete de medidas a desenvolver en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para mellorar a eficiencia enerxética municipal e detectar posibles abusos na facturación.